



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. DO CAMIÑO

Praza da Ulloa, s/n
27200 - Palas de Rei
☎ 982 870619 - 📠 982 870625
✉ ies.docaminho@edu.xunta.es

PLAN DE IGUALDADE

IES DO CAMIÑO

CURSO 2019/20

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Contextualización normativa e do centro.
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:
 - 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
 - 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero
 - 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual
 - 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:
 - 5.1. Organización do centro.
 - 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6. Seguimento e avaliación.
7. Glosario

1. INTRODUCCIÓN

No IES do Camiño consideramos imprescindible educar para a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, de aí que busquemos traballar de xeito transversal a coeducación para a igualdade e a eliminación dos estereotipos de xénero que potencian a violencia de xénero, a LGBTIfobia, entre outros, e levan consigo condutas contrarias á convivencia escolar.

Así mesmo, como centro educativo temos o deber de formar ao noso alumnado como cidadás e cidadáns comprometidos coa igualdade de oportunidades de homes e mulleres, activos e activas na loita contra a desigualdade por razóns de xénero e comprometidos/as coa sociedade. Na que aprendan a valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, ademais de rexeitar calquera manifestación ou estereotipo de xénero que supoña un acto de discriminación.

Por todo elo, como pilar fundamental da convivencia e da xustiza social, fomentárase a implicación de todos os membros dos diferentes sectores da comunidade educativa na loita activa contra a desigualdade e a violencia de xénero.

Así mesmo, somos coñecedores e coñecedoras de que na sociedade actual aínda persisten moitos comportamentos machistas, sexistas e violentos nas relacións afectivo-sexuais e por iso debemos, dende o centro educativo, organizar e desenvolver actividades formativas específicas sobre a promoción da igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, prevención da LGTBIIfobia..... Ademais de que o feminismo formará parte dos nosos principios vitais como base das accións que se leven a cabo.

Nesta mesma liña, buscarase a colaboración con todos os membros da comunidade educativa, do Concello e de todas aquelas institucións da contorna que favorezan a convivencia, a tolerancia e a igualdade entre homes e mulleres.

Do mesmo xeito deberemos deixar este sinal nas programacións didácticas e nos documentos de centro, xa que debemos ser exemplo para o resto da comunidade educativa. Debemos partir do profesorado para poder chegar ao alumnado.

De aí ademais que no centro se leve a cabo unha orientación laboral libre de estereotipos de xénero a través das charlas de orientación que se dan nos cursos de 3º, 4º e 1º de Bach, ademais das charlas de orientación cara os estudos universitarios

ao alumnado de 2º de Bach e sobre o estudos de formación profesional ao alumnado de 4º, 2º de FP Básica e 2º de bacharelato.

Nesta mesma liña a través das titorías traballarase a igualdade de xénero mediante diversas actividades e talleres, tales como a prevención da violencia de xénero a través do Plan Director para o alumando do centro e as familias , Taller para a prevención da violencia de Xénero da Cruz Vermella para o alumnado de 2º da ESO, Taller “Discriminación por razón e/ou orientación sexual” da Cruz Vermella para 4º da ESO e Taller sobre Sexualidade da Cruz Vermella para 3º da ESO. E participaremos no “Programa Referentes Galegas nas aulas”, co fin de que os alumnos e alumnas teñan exemplos aos que seguir e descubran novos ámbitos profesionais e de éxito.

Así mesmo, cada ano conmemorase o día contra a violencia de xénero (25 de novembro) e o día da muller traballadora (8 de marzo), actividades ás que se lle ha dar difusión a través da web e do *instagram* do centro.

Por outra banda, todos os anos se establecen liñas de colaboración entre o Centro de Información do Concello (CIM) para seguimento dalgúns casos concretos de alumnado e tamén para realizar actividades en común, por exemplo: obras de teatro, exposicións de mulleres científicas....

Por último, sinalar que a persoa responsable en materia de igualdade é a orientadora do centro que, ademais, forma parte da asemblea de coordinación interinstitucional en materia de Violencia de Xénero do Concello de Palas de Rei.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

No ámbito europeo a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

Así mesmo, a nivel estatal establecece na Constitución Española, no seu artigo 14, que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Seguindo nesta liña, co Real Decreto 1686/2000 de 6 de outubro créase o Observatorio de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres con dous obxectivos, por un lado, solicitar, analizar e difundir información periódica e sistemática sobre a situación das mulleres e dos homes en cada momento e a súa evolución, co fin de coñecer os cambios socio-laborais rexistrados; e polo outro, propoñer políticas tendentes a mellorar a situación das mulleres en distintos ámbitos.

Coa Lei Orgánica 3/2007, do 15 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establécese que as mulleres e os homes son iguais en dignidade humana e iguais en dereitos e deberes. Esta Lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal for a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural, para alcanzar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria. Así mesmo, esta lei establece principios de actuación dos Poderes Públicos, regula dereitos e deberes das persoas físicas e xurídicas, tanto públicas como privadas, e prevé medidas destinadas a eliminar e corrixir nos sectores público e privado, toda forma de discriminación por razón de sexo.

De aí que no seu artigo 23 estableza que o sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

Nesta mesma liña, no seu artigo 24, determina que as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato; evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos

sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes e que levarán a cabo as seguintes actuacións:

- a) A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
- b) A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
- c) A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- d) A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- e) A cooperación co resto das Administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión entre as persoas da comunidade educativa dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- f) O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia.

En materia educativa a Lei orgánica 8/2013, de 3 de maio, de Educación, refírese en numerosas ocasións á igualdade entre homes e mulleres, así establécese que na escola deberán desenvolverse os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero. E recolle no artigo 40 como un dos seus obxectivos o fomento da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como das persoas con discapacidade, para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio das mesmas. E establécese na lei que unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

A nivel autonómico establécese no noso Estatuto de Autonomía que os poderes públicos desenvolverán accións encamiñadas a promover as condicións de igualdade, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Así mesmo a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres que determina que a Comunidade Autónoma de Galiza, reforza o seu

compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos sexos. Ademais a Xunta de Galiza tomará en consideración o traballo realizado pola Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres do Parlamento galego, na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres.

Ademais contamos coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero e a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza.

En materia de educación, no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza, determínase entre os obxectivos da educación secundaria, os cales contribuirán a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades, por un lado, que lles permitan asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática; e polo outro, valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles, rexeitando a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Ademais establécese que será obxectivo desta etapa coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Na etapa de bacharelato determínase que un dos seus obxectivos será o de fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non

discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

Por último, cabe sinalar con respecto a este Decreto, que a orientación garantizará ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou, se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

Nesta mesma liña, no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establécese como un dos principios informadores e fin das normas de convivencia, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas. Así mesmo, establécese que o plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Por último, a Consellería de Educación en abril do 2016 publicou o “Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero”, co que se pretende facilitar unha resposta unánime que garanta o dereito á identidade de xénero.

Para rematar, en canto á documentación de centro, podemos indicar que no Plan de Convivencia está presente ao longo do mesmo o principio de igualdade entre mulleres e homes tanto na xustificación normativa como nos obxectivos do plan de convivencia e a través das actuacións formativas en materia de convivencia, das funcións da comisión de convivencia e das funcións dos axentes responsables da convivencia no centro educativo.

Entre as actividades formativas do Plan de Acción Titorial anual establécense accións formativas encamiñadas á prevención da violencia de xénero, á igualdade entre homes e mulleres, a previr a discriminación por razón e/ou orientación sexual (LGBTI) e a promover a vivencia da sexualidade do xeito máis pracenteiro, responsable e satisfactorio posible e reflexionar sobre a relacións afectivas e sexuais.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

Neste centro hai un número maior de rapaces que de rapazas en todas as aulas do instituto.

Obsérvanse comportamentos machistas e intolerantes coa diversidade afectivo-sexual en certas ocasións, reflexo da súa contorna rural e da propia sociedade.

Nos últimos anos detectamos un maior número de conflitos relacionados co mal uso das redes sociais, algúns deles auspiciados por unha mala xestión da súa identidade, chegando a poñer en risco a súa integridade persoal ao subir ás redes fotografías que comprometen a súa intimidade.

Así mesmo, ponse de manifesto durante o tempo de lecer a desigualdade entre rapaces e rapazas no uso do espazo, normalmente os alumnos ocupan a pista mentres xogan ao balón, xeralmente, fútbol e polos arredores están as alumnas xogando a outros xogos ou simplemente charlando.

No centro non se producen moitas condutas disrutivas relacionadas con actitudes irrespectuosas, como unha linguaxe violenta ou sexista entre o alumnado, aínda que, nalgúnhas ocasións, temos detectado que os alumnos empregan a linguaxe para ofender as súas compañeiras facendo alusións ao seu aspecto físico.

Detectamos que faltan, nalgúns casos, saber como afrontar as diferentes situacións, tanto como vítimas como espectadores e espectadoras ante estas situacións.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

○ Sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia que ten educar en igualdade, favorecendo a liberdade feminina e eliminando as situacións de discriminación cara ás nenas e as mulleres.

○ Promover accións formativas para o desenvolvemento da equidade de xénero, o respecto á diversidade e á igualdade entre homes e mulleres.

○ Potenciar accións de defensa e promoción da igualdade entre os alumnos e

as alumnas, con independencia do seu sexo e xénero.

○ Revisión, adaptación e actualización dos recursos pedagóxicos e didácticos (soportes metodolóxicos, técnicas didácticas de aula, xogos, libros, material audiovisual, etc.) de forma que estes contribúan a fomentar a igualdade entre mulleres e homes.

○ Realizar accións para reducir o abandono, o fracaso e o absentismo escolar tendo en conta a aplicación da perspectiva de xénero de cara a conseguir o mesmo éxito nas diferentes etapas das que consta o instituto e, así, continuar co seu proxecto de vida.

○ Supervisar e garantir que os materiais lectivos de todos os niveis inclúan e respecten a perspectiva de xénero, a diversidade cultural e a linguaxe inclusiva. Así mesmo, velarase pola eliminación de prexuízos e estereotipos sexistas que supoñan discriminación entre homes e mulleres, suprimindo os materiais nos que se fomente a desigualdade e a violencia de xénero.

○ Fomentar os patios inclusivos, libres da segregación de espazos entre rapazas e rapaces.

○ Eliminar a linguaxe sexista tanto nas aulas como nos espazos do centro e na documentación do centro.

○ Recoñecer e identificar os micromachismos na vida cotiá para concienciar ao alumnado da necesidade de ir cambiando os comportamentos e ser quen de rexeitalos.

○ Fomentar unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.

○ Dotar de estratexias para detectar e intervir ante as primeiras ideas ou condutas sexistas das súas fillas e fillos.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

○ Fomentar a igualdade de xénero nas relacións interpersoais, con especial atención ás de parella.

○ Concienciar sobre os indicadores de risco nas relacións de parella e dotar de habilidades para evitalos.

○ Motivar o cambio de actitudes para promover relacións igualitarias.

○ Realizar accións formativas que preveñan a violencia de xénero.

○ Previr a violencia contra as mulleres, tanto alumnas como profesoras ou persoal non docente.

○ Mostrar tolerancia cero diante de calquera signo de comportamento machista no centro educativo.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

○ Desenvolver actitudes e condutas que valoren e respecten as diferenzas entre os sexos, as diversas orientacións e as identidades sexuais, fomentando os valores do respecto á diversidade, á igualdade de dereitos e de oportunidades.

○ Favorecer unha autoimaxen realista e positiva nos e nas adolescentes respecto ao seu xénero, á súa sexualidade, á súa orientación e á súa identidade axudándolles a que desenvolvan a súa autoestima de forma adecuada, en especial nas e nos adolescentes LGTB.

○ Propiciar que o alumnado analice e reflexione sobre os roles de xénero tradicionais, masculino e feminino, para que non os reproduzan desde unha posición acrítica, e facilitar o tránsito a outros máis flexibles e xustos que se baseen no principio da igualdade de oportunidades, a cooperación e a corresponsabilización.

○ Reducir a fenda educativa por cuestión de xénero no que á aceptación da diversidade afectivo-sexual e á resolución pacífica de conflitos se refire.

○ Incluír ás familias no proceso educativo no respecto e a atención á diversidade afectivo-sexual.

○ Traballar a tolerancia dende as titorías para que o alumnado coñeza realidades diferentes e as consecuencias que provoca a intolerancia.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

○ Fomentar a erradicación dos estereotipos sexistas e homófobos que supoñen a discriminación entre mulleres e homes; e entre heterosexuais, homosexuais, transexuais e bisexuais.

○ Diminuír os niveis de homofobia e transfobia presentes na actualidade no sistema educativo. Esta persistencia da homofobia xera numerosos casos de acoso e fracaso escolar, crises familiares e situacións de marxinación e exclusión social.

○ Prever e reducir os riscos de exclusión da poboación LGTB, de vulnerabilidade fronte ao acoso sexual das mozas lesbianas e bisexuais, así como das

profesoras e persoal non docente.

- Involucrar á comunidade educativa para detectar e previr posibles casos.
- Promover accións que fomenten a tolerancia e o respecto co colectivo

LGTB.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS

5.1. Organización do centro.

○ Intentar favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.

○ Prestar especial atención por parte das profesoras e profesores membros do equipo ao uso da linguaxe nas reunións docentes (Claustro, CCP, Xuntas de avaliación), sinalando aqueles comentarios que, de xeito non intencionado, resultan frecuentemente machistas.

○ Noméase unha persoa responsable en materia de igualdade: Cristina Eiras López (orientadora).

○ Revisar a documentación do centro para que neles figure unha linguaxe inclusiva e igualitaria.

○ Colaboración co Centro de Información á muller (CIM) para a realización de actividades coeducativas, por exemplo exposicións, obras de teatro...

○ Colaborar co Concello nas accións formativas que potencien a igualdade entre homes e mulleres e preveñan a violencia de xénero.

○ Realización de actividades conmemorativas por datas coeducativas, ata agora celebrabamos o 25 de novembro e o 8 de marzo, intentaremos incorporar as celebracións LGBTI.

○ Desenvolver charlas de orientación laboral e profesional libres de estereotipos de xénero, tanto cando sexan desenvoltas pola orientadora como por axentes externos ao centro: universidades, técnica local de emprego e formación profesional.

○ Organizar charlas que aborden a igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero para as familias.

○ Colocación dunha caixa de correos para as suxestións do alumnado tanto en materia de convivencia como de igualdade.

○ Fomentar no profesorado a revisión do material didáctico dende unha perspectiva de xénero.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

○ Fomentar no día a día da aula a inclusión e a diversidade, por exemplo á hora de elaborar grupos de traballo.

○ Organizar un banco de documentos na biblioteca libres de estereotipos e de violencias de xénero.

○ Revisar o material empregado na aula para que este libre de estereotipos de xénero (imaxes, papel dos homes e mulleres nos mesmos, proposta de actividades....).

○ Traballar a intelixencia emocional dende o Plan de Acción Titorial coa axuda do departamento de Orientación, de precisarse, pero extensible a todas as materias.

○ Os proxectos que se leven a cabo deberán estar libres dos estereotipos de xénero e deben fomentar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

○ Sensibilizar a toda a comunidade educativa a través de actividades, charlas, exposicións...

○ Poñer en valor o día da muller traballadora co fin de romper cos roles de xénero e o teito de cristal ao que están sometidas.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

○ A través do Club de lectura organizar lecturas feministas que promovan a prevención da violencia de xénero, a igualdade entre homes e mulleres e o respecto ao colectivo LGBTI.

○ Desde o departamento de Orientación velarase para que a información que se lles ofrezca cara a súa realización vocacional estea libre de estereotipos de xénero.

○ O profesorado de garda velará para que non se dean comportamentos de abuso, burlas, acoso ou calquera conduta impropia nos corredores ou no tempo de lecer.

○ Difundir a través da web, do *instagram* e das canles do instituto as accións encamiñadas á igualdade entre homes e mulleres.

○ Potenciar no centro os patios inclusivos como medida para favorecer a igualdade entre homes e mulleres.

○ Velar para que as viaxes no transporte escolar tamén estean libres de accións contrarias á convivencia e ao trato igualitario.

○ Fomentar e promover actividades extraescolares que garantan a igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e o respecto polo colectivo LGBTI.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

○ Desde o Plan de Convivencia e desde o Plan de Acción Titorial, actualmente en revisión, traballarase e fomentaranse os valores e principios que inspiran este Plan de Igualdade.

○ A Comisión de Convivencia, formada tamén pola persoa responsable da igualdade no centro, traballará e potenciará que na ideoloxía do instituto estea presente a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

○ Velarase polos problemas xurdidos polo mal uso das redes sociais e que atentan contra a intimidade, especialmente co colectivo máis vulnerable, as rapazas.

○ Aplicar os protocolos que xa existen neste eido nos casos que sexa preciso.

○ Facer partícipes ao alumnado nesta tarefa, que investiguen e recoñezan comportamentos impropios e que poidan causar dano a outras persoas.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O desenvolvemento do plan someterase a un proceso continuo de avaliación formativa. As actividades de avaliación irán encamiñadas a:

○ Valorar en que medida acadamos os obxectivos propostos.

○ Mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir e adaptar eses deseños de cara a conseguir unha maior eficacia.

Partimos dunha avaliación inicial ou detección de necesidades en base á observación, rexistros de condutas que se producen no centro, entrevistas ao longo destes cursos co alumnado, documentación de centro, etc.

Durante a aplicación e desenvolvemento do plan levarase a cabo unha avaliación do proceso, coa fin de valorar se se están a desenvolver as distintas actividades que o compoñen segundo as previsións ou se é necesario facer modificacións. A finalidade é ir optimizando o programa a medida que se vai implementando. Esta avaliación farase a través de cuestionarios para o alumnado e as familias, a observación directa nas aulas, no patio e nos corredores, nas accións contrarias á norma relacionadas coa igualdade entre homes e mulleres, co intercambio verbal co profesorado nas xuntas de avaliación e o debate nas reunións da CCP.

Por último, ao finalizar a aplicación do programa realizaremos unha avaliación que nos servirá para comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos, para elo empregaremos técnicas como as descritas nos apartados anteriores (cuestionarios, reunións CCP, DO, xuntas de avaliación, observación, etc.) e ademais poderemos tamén xa facer unha análise cuantitativa do número de consultas respecto á temática do plan provenientes dos distintos membros da comunidade educativa.

Ademais, estes datos servirannos de base para establecer unha serie de propostas de mellora que se empregarán como de punto de partida para a revisión e actualización do presente plan, a fin de atender e completar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.